

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais

RP 41581/2020. Aprobación das bases do Programa FOIE/2021

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DISPÓN AVOGAR A APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2021 E APROBAR AS DITAS BASES

Don Valentín Gonzalez Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución núm. 24474, de 16 de xullo de 2019, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2021.

RESOLVO:

1º. Avogar a competencia que con carácter xeral foi delegada na Xunta de Goberno por resolución núm. 24474, de 16 de xullo de 2019, para a aprobación das Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para o investimento de servizos sociais no ano 2021.

2º. Aprobar as Bases reguladoras do Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro o investimento de servizos sociais no ano 2021 co seguinte texto:

PROGRAMA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O INVESTIMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2021

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA

Datos da convocatoria

Denominación:	Programa de subvencións a entidades sen fins de lucro para investimento de servizos sociais no ano 2021
Referencia:	Mantemento: FOIE
Aplicación orzamentaria:	Mantemento: 0611/231.21/781
Importe total do crédito consignado:	700.000 euros máis as modificacións que se poidan producir
Importe do orzamento de gastos:	Máximo 200.000 euros. Mínimo 750 euros.
Importe da subvención que se vai conceder:	Ata 60.000 euros. No caso de solicitar unha petición para mantemento (FOAXE-C ou FOAXE-P) e outra para investimento (FOIE) o máximo do importe que se concederá conxuntamente é o indicado nas respectivas convocatorias
Porcentaxe subvencionable do orzamento de gastos financiáveis :	Do 20% ao 80%

Base 1. Liñas xerais

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades privadas da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

Base 2. Réxime xurídico

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 1 de febreiro de 2019, BOP 72, do 15 de abril de 2019.

Regulamento orgánico e Bases de execución do Orzamento de 2021 da Deputación da Coruña.

Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro de 2015, BOP 56 do 23 de marzo de 2016.

Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017, BOP núm.186 do 29 de setembro de 2017.

Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Base 3. Obxecto

3.1. Servizos, programas e actividades subvencionables

Serán obxecto desta convocatoria os servizos, programas ou actividades contemplados nesta base.

Poderase solicitar un só código e un só tipo de programa dos enmarcados en cada código.

A denominación do obxecto da subvención recollido na solicitude deberá reflectir correctamente o seu contido, indicando código, nome do programa que corresponda co código, e título do seu programa (Exemplo: **EF-1** Centros de menores "ABRENTE"). De non ser así, poderá modificalas de oficio a Sección de Servizos Sociais. A denominación modificada será a que figure nas resolucións de concesión.

A Sección de Servizos Sociais poderá remitir as peticións ao código correspondente dentro da mesma convocatoria cando se estime que a solicitude está mal presentada.

PROGRAMAS NA ÁREA DE FAMILIA, INFANCIA E MOCIDADE

EF-1 Centros de menores

EF-2 Centros de atención á infancia

EF-3 Ludotecas

EF-4 Puntos de encontro

EF-5 Programas de atención psicosocial e intervención socioeducativa dirixidos a menores en situación de risco ou conflito social.

PROGRAMAS NA ÁREA DE PERSOAS MAIORES**EP-1** Residencias**EP-2** Fogares residenciais**EP-3** Centros de atención diúrna e/ou nocturna**EP-4** Centros mixtos**EP-5** Vivendas comunitarias**EP-6** Apartamentos tutelados**PROGRAMAS NA ÁREA DE DIVERSIDADE FUNCIONAL****ED-1** Eliminación de barreiras**ED-2** Centros residenciais**ED-3** Centros de día**ED-4** Centros ocupacionais**ED-5** Centros de rehabilitación psicosocial e laboral**ED-6** Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro)**ED-7** Vivendas tuteladas**ED-8** Tratamentos de rehabilitación**ED-9** Respiro familiar.**ED-10** Centros especiais de emprego (sen ánimo de lucro)**ED-11** Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.

ED-12 Programas de acción tutelar**PROGRAMAS NA ÁREA DE DROGODEPENDENCIAS E OUTROS TRASTORNOS ADITIVOS****EOT-1** Programas de tratamento terapéutico, rehabilitación e inserción social.**EOT-2** Unidades de día**EOT-3** Unidades asistenciais**EOT-4** Comunidades terapéuticas**EOT-5** Vivendas de apoio**EOT-6** Centros especializados en tratamento do alcoholismo**EOT-7** Programas de apoio ás familias e para prevención no colectivo de menores e mocidade que se desenvolvan en colaboración cos centros de atención a persoas con drogodependencias.

Os programas EOT-1,EOT-2,EOT-3,EOT-4,EOT-5, deberán estar incluídos na rede asistencial do Plan de Galicia sobre drogas.

EOT-8 Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento

PROGRAMAS NA ÁREA DE MINORÍAS ÉTNICAS E INMIGRACIÓN**EOM-1** Programas de formación prelaboral para o emprego.**EOM-2** Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.

EOM-3 Programas de apoio á integración social.**PROGRAMAS NA ÁREA DE PERSOAS EN RISCO OU SITUACIÓN DE EXCLUSIÓN OU ESPECIAIS DIFICULTADES DE INSERCIÓN SOCIAL, LABORAL, ETC. (PERSOAS SEN TEITO, EXRECLUSAS E OUTRAS)****EOR-1** Banco de alimentos**EOR-2** Albergues**EOR-3** Centros de acollida e inclusión**EOR-4** Comedores sociais**EOR-5** Centros de atención social continuada**EOR-6** Centros de día de inclusión social**EOR-7** Programas de inserción laboral que inclúan itinerarios personalizados, accións de formación específica, atención e seguimento individualizado.

Estes programas deberán comprender:

- Análise de necesidades previa ao deseño do itinerario de inserción laboral.
- Accións formativas adaptadas ás necesidades das persoas usuarias.
- Accións de acompañamento á busca de emprego (por conta propia ou allea).
- Accións de seguimento.

3.2. Gastos subvencionables neste programa

Serán subvencionables os gastos comprendidos nos conceptos incluídos na táboa de contas que figura deseguido.

Conta	Descrición da conta, segundo o PXCPENL(*)
206	Aplicacións informáticas
211	Construcións
213	Maquinaria
214	Ferramenta
216	Mobiliario
217	Equipos para procesos de información
219	Outro inmovilizado material

* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

3.3. Ámbito temporal

Os gastos que se subvencionen conforme a esta convocatoria serán os que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021. Os xustificantes de gasto deberán ser emitidos nas datas sinaladas na base 9.3.2.

As entidades beneficiarias da subvención poderán solicitar a prórroga da súa xustificación despois de petición razoada. A solicitude de prórroga poderán presentarse ata o 15 de decembro de 2021 ás 14:00 h.

Concedida a prórroga, na certificación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2021, con data límite do 15 de abril de 2022.

3.4. Observacións comúns

No caso de que se estime que a petición encaixa noutra convocatoria da Sección de Servizos Sociais poderase realizar de oficio o cambio, despois do consentimento da entidade interesada.

Co obxecto de axudar a difusión das actividades que se realizan na provincia, as entidades comunicaranlle á Sección de Servizos Sociais a realización daquelas actividades abertas ao público en xeral para as que solicita a subvención previamente ao seu inicio, a través do enderezo electrónico servizos.sociais.difusion@dacoruna.gal

Nos programas orientados a inserción social e/ou laboral, as persoas destinatarias destas accións deberán reunir polo menos unha ou máis das condicións recollidas no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Base 4. Compatibilidades e exclusións

A participación neste programa é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Solicitar esta convocatoria é compatible con presentar solicitude dentro da convocatoria de mantemento de programas e servizos en materia de servizos sociais (FOAXE-P) ou mantemento de centros de servizos sociais (FOAXE-C) sempre que axusten as dúas peticións aos límites de contía indicados.

A solicitude nesta convocatoria poderá ser compatible coa solicitude noutras convocatorias de subvencións se así o establecen as súas bases específicas.

Non serán obxecto de subvención os gastos xa subvencionados pola Deputación da Coruña no mesmo exercicio. Así mesmo, non se poderá financiar o mesmo obxecto cunha subvención de concorrencia e outra nominativa, por seren incompatibles; neste caso, a entidade beneficiaria tería, necesariamente, que renunciar a unha delas.

Entidades excluídas:

* Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007 do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

* Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

Gastos excluídos:

- * Aqueles conceptos de gastos incluídos en proxectos que xa foron subvencionados en convocatorias anteriores, aínda que non foran executados.
- * Os gastos referidos a actividades culturais, deportivas e de lecer e tempo libre, cando non correspondan cos obxectivos da convocatoria.
- * Os gastos referidos a obras ou equipamentos que non sexan susceptibles de uso.
- * Investimentos nas sedes sociais das entidades onde non se desenvolvan os programas subvencionados e centros non contemplados dentro dos códigos da convocatoria.
- * Investimentos nos centros que non cumpran cos requisitos de autorización de centros da Xunta de Galicia segundo o establecido na base 6.13.
- * Gastos derivados de agasallos e atencións protocolarias.
- * Sustancias nocivas para a saúde e gastos suntuarios.
- * Gastos de intermediarios para a subcontratación dos investimentos cando aqueles se limiten a xestionar a compra ou o servizo, aumentando así o prezo final facturado.

Base 5. Entidades solicitantes

Poderán solicitar as subvencións neste programa as entidades que cumpran os requisitos da convocatoria e os establecidos na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Base 6. Requisitos e obrigas das entidades solicitantes**6.1.** Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán a ese enderezo. Excepcionalmente poderase modificar o enderezo oficial, de forma xustificada, coa obriga de notificar esta circunstancia á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- A presidencia ou persoa en que delegue.
- A persoa que ocupe a secretaría.
- A persoa que exerza a responsabilidade da tesourería.

6.2. Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.3. Non estaren incurso nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no artigo 13 da LXS.

6.4. Teren aprobadas as liquidacións ou contas do último exercicio vencido legalmente esixibles.

6.5. Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en calquera comunicación ou publicación do programa subvencionado ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) nos que deberán incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente, así como facer constar a subvención da Deputación, indicando o importe concedido e a porcentaxe de financiamento, polo menos, no material gráfico que se refira a actividade que se subvenciona e na páxina web/redes sociais da entidade.

6.6. Someterse aos procedementos de control que poidan realizar a Intervención provincial, de conformidade co establecido no capítulo IV da ordenanza xeral; o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado destes procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.7. Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidade de xénero. Na execución da súa actividade, a entidade non empregará a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrantes segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro.

6.8. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual,

prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuíamento civil.

6.9. Utilizar, na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña, a lingua galega (segundo o disposto na Ordeanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, BOP 186 do 29 de setembro de 2017).

6.10. A entidade beneficiaria terá que realizar por si mesma o gasto subvencionado, utilizando para tal fin os medios persoais e materiais dos que dispoña. Cando estes medios resulten insuficientes, poderá contratar directamente con terceiros a provisión dos bens e servizos necesarios, poñéndoo en coñecemento desta Deputación indicándoo na solicitude de subvención cando o importe da contratación supere o 50% do importe do gasto.

Ademais das obrigas de carácter xeral indicadas, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

6.11. Carecer de fins de lucro.

6.12. Cumprir cos seguintes requisitos de rexistro:

- * Estar rexistradas como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (Decreto 254/11, do 23 de decembro, DOG do 20 de xaneiro de 2012).
- * No caso dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro deberán acreditar que están rexistrados no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Xunta de Galicia.

No caso das cooperativas sen ánimo de lucro deberán estar rexistradas no Rexistro de Cooperativas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, como cooperativas sen ánimo de lucro.

- * As entidades que non estean rexistradas nos termos anteriores, deberán solicitar o rexistro previamente á presentación da solicitude da subvención. No momento de presentar a xustificación deberán acreditar o rexistro efectivo.

6.13. Os centros, programas e servizos que deban someterse á autorización administrativa previa da consellería competente en materia de servizos sociais (segundo o disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia), deberán contar coa correspondente autorización de solicitada con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes. Sen prexuízo do establecido na normativa específica, estes centros son os seguintes:

- Centros de atención á infancia e a menores en situación de conflito ou desamparo e os servizos complementarios regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.
- Ludotecas
- Puntos de encontro familiar.
- Centros de atención a persoas maiores, con discapacidade e dependencia.
- Centros residenciais para mulleres vítimas de maltrato.
- Centros de inclusión e emerxencia social.

No suposto de ser necesaria a autorización da Xunta de Galicia para a construción/creación e/ou modificación substancial de centros de servizos sociais, as entidades deberán de contar con esta autorización ou tela solicitada con anterioridade ao prazo de presentación de solicitudes.

6.14. Os bancos de alimentos deberán de formar parte da Federación Española de Bancos de alimentos (FESBAL).

6.15. As entidades beneficiarias deberán de manter a adscrición dos bens aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dous anos para bens móbiles e de cinco anos para bens inmóbiles.

No suposto de bens inscribibles nun rexistro público, deberá constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes aspectos de inscrición no rexistro público correspondente.

6.16. As entidades deberán de contar coas licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente. No seu caso, estas licenzas e autorizacións serán requiridas na xustificación da subvención.

6.17. As entidades beneficiarias deberán de poñer en marcha o servizo e/ou prestación ao que vai destinado o investimento unha vez rematado este e obtidas, de ser necesario, as correspondentes licenzas e/ou permisos.

Base 7. Solicitude

7.1. Prazo e presentación de solicitudes: As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Os prazos de presentación de solicitudes determinaranse no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

7.2. Documentación das solicitudes: A documentación da solicitude deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa en quen delegue.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

7.2.1. Documento acreditativo da delegación da presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).

7.2.2. Certificación do acordo de solicitude e nomeamento de representante nas súas relacións coa Deputación.

7.2.3. Autorización para que a Deputación poida obter, en calquera momento da tramitación do expediente, as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería Xeral da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.2.4. Certificación dos datos bancarios da entidade, segundo o modelo aprobado pola Deputación da Coruña. En caso de que estes datos xa consten no ficheiro de terceiros da Deputación, non resultará preciso achegar este documento.

7.2.5. Solicitude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial do proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade, (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo).

7.2.6. No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

Ademais da documentación de carácter xeral indicada, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán que achegar a seguinte:

7.2.7. Acreditación do cumprimento dos requisitos e das obrigas sinalados nestas bases e na ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

7.2.8. Certificación da relación das persoas que desempeñan os cargos dos órganos da entidade e, no caso de asociacións, do número de socios/as da entidade.

7.2.9. Proxecto descritivo xeral da actividade que se vai realizar e que se ha cubrir segundo o modelo fornecido pola Deputación. Deberán achegarse todos os datos para os efectos de valoración da solicitude. Non se valorarán aqueles apartados que non sexan cubertos.

7.2.10. No caso de que os investimentos se realizaran por fases, deberán achegar un programa da súa execución onde se indique o número total de fases das que consta o proxecto coas prestacións que se van realizar en cada unha delas, as fases xa realizadas, as que quedan por realizar, e a fase para a que se solicita a subvención. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.

7.2.11. Orzamento estimado dos gastos, detallando o equipamento e/ou obra para a que se solicita a subvención, así como a declaración doutros ingresos ou subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto. Estes ingresos e gastos, malia que estean integrados no orzamento xeral da entidade, deberán ser obxecto dun seguimento contable específico. Se abarca dúas ou máis anualidades ou se divide en fases, deberá identificarse o orzamento e as fontes de financiamento de cada unha delas.

7.2.12. No caso de obras, as entidades solicitantes deberán indicar a propiedade ou dereito real que se posúa sobre o ben inmovible (propiedade, arrendamento con especificación do prazo de vixencia, cesión etc.).

7.2.13. No caso de agrupacións de entidades (federacións, confederacións...) deberán achegar unha listaxe das entidades beneficiarias dos investimentos para os que solicitan a achega. Tamén deberán achegar esta listaxe as entidades que presten servizos a outras ou aos seus usuarios con cargo á achega da Deputación

7.2.14. Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que se especifiquen na convocatoria correspondente ou que sexa precisa para a valoración da solicitude.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, daráselle un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar a integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Base 8. Resolución

8.1. Valoración das solicitudes: A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo co seguinte:

A. Coeficiente de financiamento segundo a súa definición, recollida nas bases reguladoras. De tal xeito que, a menor coeficiente, meirande puntuación obtería a entidade solicitante.	Ata 30 puntos
B. Tipoloxía de programa, segundo o código e programa escollido para subvencionar Centros residenciais ou que contén con unidade residencial Centros de atención exclusivamente diúrna Centros de atención exclusivamente nocturna	Ata 5 puntos 5 puntos 3 puntos 3 puntos
C. Antigüidade da entidade desde a súa constitución De 10 a 20 anos De 21 a 30 anos Máis de 30 anos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
D. Calidade da entidade Por contar coa Declaración de utilidade pública ou ben ser unha fundación Por contar cunha certificación de calidade vixente, acreditada por unha entidade certificadora, obtida nos tres últimos anos anteriores á presentación da solicitude. Por contar con premios e/ou recoñecementos (nos últimos 10 anos)	Ata 7 puntos 2 puntos 3 puntos 2 puntos
E. Estabilidade e continuidade , anos que se leva desenvolvendo o programa para o que solicita subvención De 1 a 5 anos De 6 a 15 anos Máis de 15 anos	Ata 6 puntos 2 puntos 4 puntos 6 puntos
F. Procedencia das persoas usuarias directas do programa solicitado Proceden de dous concellos Proceden de entre tres e cinco concellos Proceden de máis de cinco concellos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
G. Concellos nos que se presta o programa solicitado En dous concellos Entre tres e cinco concellos En máis de cinco concellos	Ata 5 puntos 1 punto 3 puntos 5 puntos
H. O emprego da lingua galega Presentación da solicitude e toda a súa documentación complementaria en galego Compromiso do uso do galego na actividade diaria ou cotiá da entidade Polo emprego da lingua galega na páxina web da entidade e/ou nas redes sociais (blogs, Facebook, Twitter,...)	Ata 7 puntos 2 puntos 2 puntos 3 puntos
I. Cesión dun local por parte da Deputación. A aquelas entidades solicitantes que teñan cedido un local para o desenvolvemento dos seus servizos por parte da Deputación Provincial da Coruña, descontárase 3 puntos da puntuación obtida.	Redución de 3 puntos
J. Proxecto técnico (segundo o recollido no Proxecto descritivo xeral da actividade) co seguinte detalle:	Ata 30 puntos
Obxectivos : Pola descrición de obxectivos xerais e específicos adaptados ás necesidades das persoas usuarias e obxectivos específicos operativos e cuantificables	Ata 3 puntos
Metodoloxía : Pola definición das ferramentas, técnicas, e instrumentos, adaptados ás necesidades das persoas usuarias e pola adaptación temporal das actividades previstas aos obxectivos que se han acadar	Ata 5 puntos

Coordinación: Por coordinarse internamente Por coordinarse con outras entidades de iniciativa social Por coordinarse cos servizos sociais municipais onde se desenvolve a actividade Por coordinarse con outras administracións públicas a nivel supramunicipal	Ata 5 puntos 1 punto 1 punto 2 puntos 1 punto
Avaliación: Pola descrición do proceso avaliativo, coa definición de indicadores específicos e cuantificables e ferramentas e instrumentos de avaliación	Ata 3 puntos
Recursos materiais e técnicos Por contar con materiais específicos, emprego das novas tecnoloxías para a difusión do proxecto (web, blog, redes sociais...), elaboración de materiais propios, etc	Ata 3 puntos
Recursos humanos : Por contar con persoal especializado para realizar o servizo e/ou actividade	Ata 3 puntos
Transversalidade de xénero: Por contar con medidas específicas de transversalidade de xénero, campañas de sensibilización e prevención, accións formativas, protocolos de actuación, programas/servizos ou medidas específicas de conciliación tanto internas como externas, e polo tratamento de datos desagregados por sexo.	Ata 3 puntos
Calidade técnica: Pola calidade e coherencia xeral do proxecto, desenvolvemento de boas prácticas e accións innovadoras, medidas de atención á diversidade, desenvolvemento estable do programa, copago dos servizos, etc	Ata 5 puntos

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse logo de consideradas as actividades que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

* **Datos de valoración:** a valoración da solicitude conforme á anterior ponderación farase de acordo co exposto pola entidade no proxecto técnico achegado e coa información especificada na solicitude no apartado de “Outros datos”.

Para estes efectos aplicaranse de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente na propia solicitude da entidade. Co obxecto de favorecer o procedemento de concorrencia competitiva non se lle requirirá a ningunha entidade a ampliación ou modificación dos datos de valoración, salvo que estes sexan necesarios para comprobar que o proxecto se adapta aos requisitos da convocatoria ou para retirar da solicitude as partes do proxecto non subvencionables segundo as bases da convocatoria.

* **Declaración de utilidade pública:** a entidade deberá indicar o diario oficial onde se publicou esta declaración, o número de boletín e a data de publicación. De acordo co punto anterior, logo de revisar o boletín sinalado, procederase a aplicar de oficio as correccións valorativas necesarias para evitar a asignación de puntos non xustificadas axeitadamente

* **Cómputo de anos:** para computar os anos nos criterios de valoración terase en conta a data de fin de prazo de presentación das solicitudes como data de final do período. Cando non se indique a data de inicio do período, non se valorarán os ítems correspondentes.

* **Criterios de valoración dos premios:**

A) Contido do programa premiado: Valoraranse os premios obtidos pola traxectoria da entidade no desenvolvemento de programas en materia de servizos sociais, socio sanitarios e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e loita contra a violencia de xénero

Non se valorarán os premios de carácter persoal obtidos por membros da xunta directiva aínda que sexa en representación da entidade

B) Carácter da entidade: Valoraranse aqueles premios outorgados por entidades públicas ou privadas de recoñecido prestixio.

Non se valoraran os premios promovidos por entidades privadas de carácter empresarial

C) Forma de obtención: Valoraranse aqueles premios outorgados por xurados constituídos por persoas expertas ou declaracións oficiais institucionais, distinguindo a entidade sobre outras.

Non se valoran os premios outorgados por votacións populares (redes sociais e outras).

En caso de dúbida, a valoración queda ao criterio da comisión técnica.

* **Achegas económicas das persoas usuarias:** é finalidade desta Deputación garantir que todas as persoas poidan acceder aos Servizos Sociais aínda que non dispoñan dos medios económicos axeitados ou suficientes para o aboamento dos custos e sen prexuízo da calidade e priorización dos servizos.

Polo tanto e tendo en conta o recollido no art. 56 da Lei 13/2008 dos servizos sociais de Galicia, sobre a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos servizos sociais, a Deputación da Coruña valorará nesta convocatoria, a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos.

A valoración farase de acordo ás seguintes consideracións:

1. Non se considerará copago a achega da cota de socios/as á entidade prestadora do servizo.
2. Considerase copago a achega económica das persoas usuarias ao financiamento dos custos dos servizos subvencionados.
3. As entidades deberán recoller no proxecto técnico o custo do servizo, así coma os baremos de proporcionalidade que se establezan.

8.2. Concesión: A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrência competitiva e desenvolverase de acordo cos artigos 12 e 13 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. A concesión das subvencións será aprobada por resolución do Presidente da Deputación.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas, crearase unha **comisión técnica**, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A unidade que tramita o expediente comprobará o cumprimento dos requisitos da convocatoria polas entidades e, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposto de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposto será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que será notificada ás entidades solicitantes mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, concedéndose un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerarase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das entidades, resolveranse expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se notifique a resolución definitiva de concesión no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución pola que se conceda ou denegue a subvención non excederá de 6 meses (arts. 25 e 26 da LXS e arts. 62 e 63 do RXS).

8.3. Reformulación de solicitudes: Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

No entanto, cando a entidade beneficiaria considere que non pode realizar a totalidade do investimento subvencionado, poderá reformular a súa solicitude co obxecto de poder solicitar subvención en futuras convocatorias para os conceptos de gasto que forman parte do proxecto subvencionado e que non se vaian executar. Esta reformulación suporá a nova valoración da solicitude.

A entidade poderá solicitar a reformulación dentro do prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional das subvencións. Na resolución de concesión definitiva aprobarase, se procede, a reformulación solicitada e manteranse as condicións de concesión da subvención. No seu caso, minorarase o importe que corresponda. Calquera cambio que se aprobe reflectirase no apartado de datos económicos do expediente de solicitude.

8.4. Cambios de obxecto: Nesta convocatoria non se admitirán os cambios de obxecto.

No que se refire aos cambios de concepto, que non se consideran cambios de obxecto, soamente poderán solicitarse no prazo de 10 días hábiles despois da notificación da resolución de concesión provisional e, no seu caso, aprobaranse na resolución de concesión definitiva.

En canto ao cambio de lugar no que se realizará o investimento, poderá solicitarse en calquera momento, antes do inicio da execución do programa.

Todos estes cambios deberán de ser aprobados pola Deputación despois do informe do persoal técnico.

Base 9. Xustificación e pagamentos

9.1. Prazo de xustificación: O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de marzo de 2022, ás 14:00 h.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga, o prazo para a xustificación das subvencións rematará o 15 de abril de 2022, ás 14:00 h.

9.2. Consideracións xerais: As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos; serán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento tomado en consideración no acto da concesión da subvención.

9.2.1. A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento fixado na resolución de concesión.

No caso de ter outras subvencións, ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

9.2.2. O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.2.3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3. Documentación xustificativa: A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso das declaracións e outra documentación, pola presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso específico da relación clasificada dos gastos, pola persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesorería co visto e prace da presidencia ou persoa en quen delegue.
- No caso específico da relación detallada dos ingresos, pola persoa que exerza as funcións financeiras ou de tesorería co visto e prace da presidencia ou persoa en quen delegue.

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

Para o cobramento da subvención as entidades deberán achegar as declaracións que dean conta expresamente do cumprimento das obrigas e compromisos adquiridos na súa solicitude e presentar a conta xustificativa simplificada que comprenda a seguinte documentación:

9.3.1. Memoria dos investimentos realizados e do cumprimento das condicións impostas na concesión, que se cubrirá segundo o modelo fornecido pola Deputación, que deberá asinar a persoa representante da entidade, identificando o persoal técnico responsable do programa co seu cargo, nome e apelidos.

9.3.2. Unha relación clasificada dos gastos realizados, agrupados segundo os conceptos que figuraban no orzamento da solicitude, indicando se é o caso as desviacións acaecidas e detallando a codificación contable que lles resulte aplicable. Nesta relación figurará a identificación da persoa acreedora e o seu NIF, o tipo de documento no que se documentou o gasto e a súa data, o importe imputado e, se é o caso, o efectivamente pagado, así como, se procede, os posibles descontos fiscais. Só se terán que achegar as facturas no caso de execución de obras, non sendo necesario que se acheguen no suposto de adquisición de equipamento.

Deberase ter en conta o seguinte:

Unicamente se admitirán xustificantes de gastos correspondentes a investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021.

No caso de entidades que teñan concedida a prórroga da xustificación, na relación de gastos realizados poderán incluírse gastos realizados con posterioridade ao 31 de decembro de 2021, con data límite do 15 de abril de 2022.

No caso de proxectos subvencionados en anos sucesivos, presentárase unha declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores

Non obstante, naqueles casos nos que os gastos fosen realizados no final do período da convocatoria de subvencións poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2022.

9.3.3. Certificación de gastos realizados no modelo fornecido.

9.3.4. Declaración no modelo fornecido, indicando se a entidade está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo con este imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

9.3.5. Unha relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, incluíndo os cobros ás persoas usuarias da actividade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.

9.3.6. As entidades deberán acreditar o rexistro efectivo correspondente ao que se refire a base 6.12 no momento de presentar a xustificación, no caso de non telo acreditado con anterioridade.

9.3.7. Tres ofertas de distintos provedores cando o gasto sexa superior a 15.000 euros (IVE excluído) pola adquisición de equipamento ou 40.000 euros (IVE excluído) pola realización de obras.

9.3.8. No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.

9.3.9. As entidades deberán de indicar os medios polos que se lle deu publicidade á subvención concedida, achegando unha proba documental ao respecto.

9.3.10. Cando a xustificación se presente fóra de prazo, a entidade poderá recoñecer a súa responsabilidade polo incumprimento do prazo de xustificación da subvención, aceptando a sanción que lle corresponde segundo o artigo 47 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias. Tamén poderá aceptar o pagamento voluntario por compensación do importe da sanción no pago da subvención antes de que se produza a resolución do procedemento sancionador. Nestes casos a entidade beneficiarase das reducións previstas no artigo 48 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

No seu caso, ademais da documentación anterior, e segundo a natureza do investimento, deberán achegar a seguinte documentación:

- No caso de equipamento:

* Certificación da súa recepción, na que se detallen os bens adquiridos e se indique que se incluíron no inventario da entidade.

- No caso de obras:

- * Autorizacións ou licenzas preceptivas, no seu caso.
- * Proxecto técnico ou memoria valorada cando as normas específicas o requiran.
- * Certificacións de obra no suposto de obra maior.
- * Acta de recepción, identificando as obras realizadas.
- * Facturas da obra.
- * Fotografía.

- No caso de adquisición de bens inmoables:

- * Informe de taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.
- * Escritura pública da adquisición.

9.4. Tramitación da xustificación. Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento do proxecto subvencionado e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- * No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.

- * No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, mais do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- * No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda; pasado este prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedido, ditándose resolución de perda do dereito ao cobro.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

9.5. Prazo de pagamento. O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de dous meses desde que a entidade local beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa. No caso de que non se cumpra este prazo, a Deputación aboará de oficio os xuros de mora que correspondan.

Base 10. Incumprimentos e sancións

O procedemento sancionador está regulado no capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 11. Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

A Deputación contará co Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitará á comunidade autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma.

Base 12. Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obrigação legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

Base 13. Transversalidade de xénero

A transversalidade de xénero supón a aplicación do principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, de tal modo que se garanta o acceso das persoas en igualdade de condicións, se planifiquen as actuacións tendo en conta as desigualdades existentes e se identifiquen e avalíen os resultados producidos para o avance na igualdade real.

Terase en conta para a valoración xeral dos proxectos a inclusión do principio de transversalidade de xénero coa finalidade de fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

A inclusión do principio de transversalidade poderá realizarse en cada unha das fases do proxecto. Poderá incluírse a través de: utilización dunha linguaxe non sexista así como no material editado e/ou empregado para a realización da actividade, incluíndo algunha actividade específica de igualdade (formativa, de sensibilización, etc.) dentro do programa solicitado, a través da definición de obxectivos xerais ou específicos en relación coa igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a través da formulación de indicadores avaliativos en relación co fomento da igualdade de xénero, mediante a obtención de datos desagregados por sexo, etc.

A descrición da inclusión do principio de transversalidade de xénero no programa solicitado realizarase a través do impreso correspondente.

Disposición adicional primeira

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección,

no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente

A Coruña, 17 de decembro de 2020

O PRESIDENTE

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO

O SECRETARIO

JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA

2020/9670